



EXCURSIONS FIN DE CURSO 2024/2025



PROPOSTAS PARA EXCURSIONS FIN DE CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA. DATAS DE VIAXE ENTRE O 20 E O 30 DE XUÑO DE 2025.



EXCURSIÓNS FIN DE CURSO

2024/2025



40 años
E.BM.XIRIA
1983-2023

QUE OFRECEMOS?

Escolas Balonmán Xiria ofrece paquetes de excursións personalizadas para colexios, asociacións de nais e pais ou grupos externos en idade escolar. Os nosos paquetes principais inclúen:

- Aloxamento e manutención
- Actividades.
- Monitorxs acompañantes 24h.
- Transporte.
- Rifas para pago da excursión.
- Seguro de accidentes e RC.
- Agasallo para participantes

SOBRE NÓS

Escolas Balonmán Xiria é unha asociación sen ánimo de lucro fundada en 1983. Ademais da súa actividade principal como club de balonmán, a entidade ten máis de 15 anos de experiencia como organizadora de campamentos urbanos, actividades extraescolares e excursións de fin de curso. Todas as nosas actividades están fundamentadas nun lecer saudable, no traballo en equipo e nunha educación a través de valores como a solidariedade e o respecto.



MADRID

CAL É O PLAN?

- **Aloxamento en habitacións compartidas** (o aloxamento será preferiblemente tipo albergue ou camping). Aloxamento na comunidade de Madrid ou cidades cercanas.
- **Xornada de actividades multiaventura*** (poden ser, por exemplo: tiro con arco, tirolina, láser tag, circuío aventura nas árbores...)
- **Actividades grupais multideportivas e de animación.**
- **Visita cultural*** (pode ser, por exemplo: Parque Europa, MUNCYT, Puy du Fou, tour guiado cidade de Madrid...)
- **Xornada completa en Parque Warner.**



Exemplo de programa*:

1º día.- Saída a primeira hora da mañá. Comida tipo picnic durante a viaxe. Chegada a media tarde ao aloxamento. Reparto de habitacións. Actividades en grupo. Cea. Velada nocturna. Descanso.

2º día.- Almorzo. Mañá de actividades multiaventura. Comida. Tarde de xogos en grupo e tempo libre no aloxamento. Cea. Velada nocturna. Descanso.

3º día.- Almorzo. Xornada de visita cultural. Comida tipo picnic durante a visita. Xogos en grupo e tempo libre no aloxamento. Cea. Velada nocturna. Descanso.

4º día.- Almorzo. Xornada no Parque Warner. Comida durante a visita. Cea. Viaxe de regreso durante a noite con chegada a Carballo a primeira hora da mañá.

*As actividades multiaventura e a visita cultural, estableceranse en función da ubicación do aloxamento unha vez se confirme o grupo. O programa definitivo será comunicado unha vez se pechen as inscricións e as reservas.

PORTUGAL

CAL É O PLAN?

- **Aloxamento en habitacións compartidas** (o aloxamento será preferiblemente tipo albergue ou camping). Aloxamento na zona norte de Portugal.
- **Actividades multiaventura*** (poden ser, por exemplo: tiro con arco, tirolina, láser tag, circuío aventura nas árbores...)
- **Actividades grupais multideportivas e de animación.**
- **Visita cultural cidade de Oporto.**
- **Actividades en parque acuático.**



Exemplo de programa*:

1º día.- Saída a primeira hora da mañá. Chegada ao aloxamento a media mañá. Reparto de habitacións. Actividades en grupo. Comida. Tarde no parque acuático. Cea. Velada nocturna. Descanso.

2º día.- Almorzo. Mañá de actividades multiaventura. Comida. Tarde no parque acuático, xogos en grupo e tempo libre no aloxamento. Cea. Velada nocturna. Descanso.

3º día.- Almorzo. Xornada de visita cultural á cidade de Oporto. Comida tipo picnic durante a visita. Xogos en grupo e tempo libre no aloxamento. Cea. Velada nocturna. Descanso.

4º día.- Almorzo. Actividades multiaventura pola mañá. Comida. Viaxe de regreso con chegada a Carballo a media tarde.

*As actividades multiaventura estableceranse en función da ubicación do aloxamento unha vez se confirme o grupo. O programa definitivo será comunicado unha vez se pechen as inscricións e as reservas.

ASTURIAS/CANTABRIA

CAL É O PLAN?

- **Aloxamento en habitacións compartidas** (o aloxamento será preferiblemente tipo albergue ou camping).
- **Actividades multiaventura*** (poden ser, por exemplo: descenso en canoa, circuito de aventura nas árbores, ruta de montaña, paintball...)
- **Actividades grupais multideportivas e de animación.**
- **Visita cultural a cidade cercana** (pode ser, por exemplo: "Gijón", Cudillero, Covadonga...)
- **Visita Parque da Natureza de Cabárceno.**



Exemplo de programa*:

1º día.- Saída a primeira hora da mañá. Parada para visitar unha localidade asturiana. Comida tipo picnic durante a visita. Chegada ao aloxamento a primeira hora da tarde. Reparto de habitacións. Actividades en grupo. Cea. Velada nocturna. Descanso.

2º día.- Almorzo. Xornada de actividades multiaventura con descanso para comer. Xogos en grupo e tempo libre no aloxamento. Cea. Velada nocturna. Descanso.

3º día.- Almorzo. Visita ao Parque da Natureza de Cabárceno. Comida tipo picnic durante a visita. Xogos en grupo e tempo libre no aloxamento. Cea. Velada nocturna. Descanso.

4º día.- Almorzo. Actividades multiaventura pola mañá. Comida. Viaxe de regreso con chegada a Carballo a última hora da tarde.

*As actividades multiaventura e a visita cultural, estableceranse en función da ubicación do aloxamento unha vez se confirme o grupo. O programa definitivo será comunicado unha vez se pechen as inscricións e as reservas.

RÍAS BAIXAS

CAL É O PLAN?

- **Aloxamento en habitacións compartidas** (o aloxamento será preferiblemente tipo albergue ou camping).
- **Actividades multiaventura*** (poden ser, por exemplo: kayak, paddle sup, tiro con arco, "gymkhana", humor amarillo...)
- **Actividades grupais multideportivas e de animación.**
- **Visita cultural a localidade cercana** (pode ser, por exemplo: Illas Cíes, Combarro, Illas Ons...)



Exemplo de programa*:

1º día.- Saída a primeira hora da mañá. Chegada ao aloxamento, reparto de habitacións e actividades en grupo. Comida. Actividades multiaventura. Cea. Velada nocturna. Descanso.

2º día.- Almorzo. Xornada de actividades multiaventura na praia con descanso para comer. Xogos en grupo e tempo libre no aloxamento. Cea. Velada nocturna. Descanso.

3º día.- Almorzo. Visita cultural a localidade cercana. Comida tipo picnic durante a visita. Xogos en grupo na praia e tempo libre no aloxamento. Cea. Velada nocturna. Descanso.

4º día.- Almorzo. Actividades multiaventura pola mañá. Comida. Viaxe de regreso con chegada a Carballo a media tarde.

*As actividades multiaventura e a visita cultural, estableceranse en función da ubicación do aloxamento unha vez se confirme o grupo. O programa definitivo será comunicado unha vez se pechen as inscricións e as reservas.

TARIFAS E CONDICIÓNS

Tarifas orientativas para grupos de máis de 25 participantes. A tarifa final será calculada cando se peche a cifra definitiva de participantes.

MADRID
515€

PORTUGAL
450€

**ASTURIAS
CANTABRIA**
480€

RÍAS BAIXAS
450€

INLÚE:

- Aloxamento en habitacións compartidas en réxime de pensión completa (agás a comida da viaxe de ida)
- Entradas e actividades de pago incluídas no programa.
- Transporte para o programa descrito.
- Monitorxs acompañantes 24h.
- Seguro de accidentes e RC.
- Agasallo para participantes.
- Rifas para recaudación de fondos.

CONDICIÓNS:

- Fraccionamento do pago en 3 cuotas (35%, 35% e 30%). O importe total debe estar abonado 30 días antes do comezo da viaxe.
- No caso de cancelación dalgunha reserva de actividades polas empresas proveedoras, substituiranse por outras intentando axustarse ao planning na medida do posible.
- O orzamento pode sufrir modificacións se hai cambios no programa, nas datas, na cifra de participantes...
- Política de cancelacións: non se devolverá ningún importe en cancelacións feitas con menos de 15 días de antelación ao comezo da viaxe. Para cancelacións feitas con máis de 45 días de antelación, devolución da reserva abonada. Cancelacións entre 15 e 45 días de antelación, devolución do 90% da reserva abonada.
- En ningún caso se devolverá o importe abonado con rifas. No caso de cancelación, ese importe quedará para o resto do grupo.

CONTACTO:

ESCOLAS BALONMÁN XIRIA

  609.56.09.55

 administracion@balonmanxiria.com